



# PLAN DIGITAL

## IES Carlos Casares

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- *Código do centro: 32016777*
- *Nome do centro: IES Carlos Casares*
- *Enderezo: Estrada da Rúa 104, 32550 Viana do Bolo*
- *Teléfono: 988788594*
- *e-mail: [ies.viana.bolo@edu.xunta.gal](mailto:ies.viana.bolo@edu.xunta.gal)*
- *web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescarloscasaresviana/>*

Etapa educativa / colectivo	Totais integrantes
1º ESO	16
2º ESO	22
3º ESO	15
4º ESO	19
1º BAC	20
2º BAC	15
1º FPB	4
2ºFPB	3
CM Atención a Persoas en Situación de Dependencia	7
That's English	4
Total alumnado	125
Total profesorado	32

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro. O IES Carlos Casares é un centro rural da alta montaña ourensá. Acolle alumnado dunha zona con innumerables núcleos illados de poboación, o que dificulta o acceso a ocio, oportunidades, cultura... de calidade.*
- *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa... O noso centro está a participar por cuarto ano consecutivo no proxecto de libros dixitais E-Dixgal. Neste senso, un grupo de 10 docentes vén de publicar material e recursos propios a través do portal educativo Recursos Abalar. Da mesma forma, o noso alumnado traballa con contidos dixitais a través de proxectos como Aprendo Programando ou Rapazas nas TIC (Plan Proxecta)*

*e outros similares. Consideramos fundamental ofrecer ao noso alumnado as mesmas oportunidades que o resto de nenas e nenos galegos, sendo consciente que nos ubicamos nunha zona con problemas de comunicación e mobilidade.*

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23. Agardamos seguir a participar no vindeiro curso no proxecto E-Dixgal así como en diferentes programas do Plan Proxecta. Concretamente o PD permitiranos por un lado garantir accesibilidade a toda a comunidade educativa e por outro a integración en diferentes proxectos, non só dixitais, senón tamén aqueles que utilizan o medios dixitais como vía. Reseñable tamén a oportunidade de formación para o profesorado en eidos coma a avaliación e autoavaliación dixital da práctica docente.*

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### **1.4. Proceso de elaboración**

*O noso IES vén de integrar neste curso 21/22 unha liña específica dentro do PFPP para a elaboración do plan dixital. Integráronse nesa liña 6 persoas, que representan ao equipo directivo, coordinación TIC, coordinación E-Dixgal e outro profesorado interesado. En sesións periódicas durante todo o curso, realizáronse as actividades previas á realización do plan: SELFIE, Test CDD e Plan de Acción.*

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos). O centro conta con rede por cable e wifi en todas as dependencias. Actualmente a telefonía é por IP.*
- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: aulas dixitalizadas, proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, equipos ultraportátiles para aula móbil, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos. O alumnado da ESO dispón de equipamento E-Dixgal. O resto do alumnado pode utilizar os seus equipos ou demandar equipamento informático do IES (portátil/conexión internet). O profesorado da ESO ten á súa disposición un portátil. Hai, a maiores, dúas aulas de informática (uns 25 equipos en total). Todas as aulas dispoñen de pizarra dixital, ordenador e proxector. Departamentos, Biblioteca e outras aulas específicas contan con ordenador e conexión. Hai tamén un punto de acceso no corredor principal para calquera persoa que nos visite e poida precisar conexión.*
- *Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Agueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...). O centro conta cunha web actualizada. Utilízase tamén, pero nunha porcentaxe realmente baixa, os servizos Abalar Móbil, Pro... É un dos obxectivos do vindeiro curso a mellora deste aspecto.*
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro. Hai unha persoa corrdinadora TIC, e outra coordinadora E-Dixgal. Dente a Vicedirección tamén se brinda colaboración e apoio ao mantemento da infraestrutura dixital.*
- *Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo). Todos os nosos documentos están á vista en <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescarloscasaresviana/>*

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

*Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa*

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.		4,4	4,3	4,2	
	Profesorado		4	3,9	4,3	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		4,4	4,1	4,1	
	Profesorado		3,6	3,7	3,6	
	Alumnado		3,3	3,3	4,8	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4,3	4,6	4,4	
	Profesorado		4,1	4,1	4,5	
	Alumnado		3,9	3,4	4,3	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,3	4,2	4,3	
	Profesorado		4,1	3,9	4,5	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,4	4,1	4,1	
	Profesorado		4,1	4	4,8	
	Alumnado		4,3	4,3	5	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,8	3,9	3,7	
	Profesorado		3,5	3,4	4,6	
	Alumnado		3,5	3,5	4,6	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,8	4,1	3,9	
	Profesorado		3,3	3,1	4,8	
	Alumnado		3,2	3	4,5	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		4,3	4,3	4,1	
	Profesorado		4	3,7	4,2	
	Alumnado		3,7	3,4	4,3	

*Test CDD: información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro, táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.*

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>12</u>	<u>15</u>	<u>80</u>
PROVISIONAL	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100</u>
INTERINO	<u>6</u>	<u>12</u>	<u>50</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100</u>
DESPRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>86,6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test	Nivel de competencia	Puntuación media do test	Nivel de competencia en
--	--------------------------	----------------------	--------------------------	-------------------------

	(sobre 192)		en Galicia (sobre 192)	Galicia
ESO	85,8	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	89,4	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	98,8	Exoerto/a (B2)	80,3	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,5
A2	6	27,3
B1	6	27,3
B2	7	31,8
C1	1	4,5
C2	1	4,5
TOTAL	22	99,90%

Outras fontes: Para esta primeira análise, soamente se incluíron as fontes anteriormente indicadas.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispoñibilidade de rede e equipamentos en cesión para todo o alumnado	
	PERSONAL DOCENTE	Compromiso coa creación de materiais propios e no uso sistemático da aula virtual e na autoaprendizaxe Seis docentes de 27 con funcións de coordinación TIC	Baixa aplicación das TICs no eido da autoavaliación da práctica docente e na avaliación e feedback do alumnado
	PERSONAL NON DOCENTE	Na actualidade non procede	Na actualidade non procede
	ALUMNADO	Puntuación superior a 4 na avaliación da competencia dixital ESO e FP Existencia de voluntariado TIC para resolución eventualidades aula	
	FAMILIAS	Interese das familias na vida dixital do centro	Competencia dixital das familias mellorable
	OFERTA	Participación en proxectos dixitais (E-Dixgal, Aprendo programando, continuidade nas liñas TIC do PFPP) que posibilita a aprendizaxe en entornos virtuais	
	ORGANIZACIÓN	Alumnado, profesorado e ED en todos os	Falta da potenciación do uso ético de

DO CENTRO	niveis valoran positivamente a estratexia dixital do IES	recursos e contornas dixitais
-----------	--	-------------------------------

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Confianza que se nos amosa na autonomía de centro	Escasa oferta e baixa calidade da oferta editoria E-Dixgal
	LEXISLACIÓN	A obriga dun Plan Dixital como acicate para a propia autoavaliación	
	CONTORNA		Limitación de empresas e pouca diversificación de sectores na contorna máis inmediata. Baixa conectividade en determinadas aldeas dos concellos da área de influencia do IES.
	ANPA	Actitude colaborativa. Participación positiva en tempos de non presencialidade (Covid)	Número reducido de familias pertencentes á ANPA
	OUTRAS ENTIDADES	AGARESO (proxecto EPDLAB), narrativas dixitais Fundación Botín, proxecto educación emocional campus virtual	Necesidade dunha base de datos de empresas con oferta FCT



### 3. Plan de Acción

*Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.*

*Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.*

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*A partires do estudo da matriz DAFO, e cruzando os datos obtidos, obtemos un xeito óptimo de aproveitar fortalezas para neutralizar ameazas e ter en conta oportunidades que contrarresten debilidades. Aquí aparecen os catro obxectivos que nos marcamos como preferentes para o vindeiro curso, e que se detallan nas táboas dos apartados seguintes.*

*As áreas prioritarias son a garantía de recursos e oportunidades para o alumnado, o traballo coas novas tecnoloxías en aspectos coma a avaliación e autoavaliación e a relación entre familias e centro a través de medios tecnolóxicos.*

*Para cada obxectivo aparece a continuación unha táboa que recolle toda a información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.*

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Neste íntre, o centro dispón de suficiente equipamento e infraestrutura tecnolóxica. Porén, e tal e como establecemos nos obxectivos das seguintes táboas, pode ser posible o requerimento de material novo, dependendo dos membros da comunidade educativa, en especial o alumnado, que así o requiran.*

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Garantir en todo momento a dispoñibilidade e correcto funcionamento de equipamento TIC e conectividade para todo o alumnado, tanto dentro coma fóra do IES				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Responsable TIC, Coordinador/a E-Dixgal				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	I1. Porcentaxe de alumnado que dispón de equipo e conectividade I2: Porcentaxe de alumnado satisfeito co correcto funcionamento de equipo e conectividade					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Para I1: 90% Para I2: 0% (asumido por ser un dato descoñecido)					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Para I1: 100% Para I2: 80%			Para I1: 31/10/2023 Para I2: 30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Enquisa ao alumnado sobre equipamento e conectividade	Titores/as	15/10/2022	Cuestionario en aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Loxística TIC (xestión de inventario, reparto...)	Responsable TIC	31/10/2022	Inventario centro, económicos...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Rexistro e xestión periódicas de incidencias, incluíndo enquisa de satisfacción sobre funcionamento	Responsable TIC Coordinador/a E-Dixgal	30/06/2023	Servizo Premium, Voluntariado TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS*

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Crear unha liña de traballo no PFPP, con continuidade no tempo, adicada á creación de recursos didácticos para as materias de, cando menos, un curso da ESO				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Ovidio Villar Marcos (Vicedirector)				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Publicación (ISBN e DL) de recursos educativos propios no curso 2022-23 integrados nunha liña de traballo no PFPP (non publicados = 0, publicados = 1)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1	30/06/2023				
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Difusión da liña de traballo no claustro e creación da mesma	Ovidio Villar Marcos (Vicedirector)	15/10/2022	Fprofe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Xestión da liña no PFPP	Ovidio Villar Marcos (Vicedirector)	31/05/2023	Fprofe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Creación de materiais didácticos para, cando menos, un curso da ESO, en diferentes materias	Ovidio Villar Marcos (coord.) e docentes participantes no PFPP	30/06/2023	Fprofe, docencias CFR, aulas virtuais IES, recursos dixitais (ordenador, cámara...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Deseñar un protocolo específico de adaptación ao contexto dixital tanto da avaliación e feedback do alumnado como da autoavaliación da propia práctica docente				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo, responsable TIC, coordinador/a E-Dixgal				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Porcentaxe do profesorado que utiliza as TIC para avaliación, autoavaliación e feedback co alumnado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	10%					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	30%			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Formación específica para o profesorado en “avaliación na aula virtual”	Ovidio Villar Marcos (Vicedirector)	Fin da primeira avaliación curso 2022-23	Aula virtual, recursos CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Deseño dun protocolo de adaptación da avaliación, autoavaliación da práctica docente e feedback ao contexto dixital	Equipo directivo, responsable TIC, coordinador/a E-Dixgal	Fin da segunda avaliación curso 2022-23	Aula virtual, Webex		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Enquisa de satisfacción alumnado e profesorado en contexto de uso de ferramentas dixitais para avaliación, autoavaliación e feedback mutuo	Responsable TIC, Coordinador/A E-Dixgal	Fin da terceira avaliación curso 2022-23	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS*

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Deseñar e avaliar un plan de información e formación específico orientado ás familias no contexto dixital, especialmente no que se refire a comunicación virtual co IES (Abalar, web...) e aos contextos vinculados ás aulas virtuais do IES				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Carlos Ferreiro González (Director)				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Porcentaxe de familias que utilizan contextos virtuais na súa relación co IES					
<b>Valor de partida: (3)</b>	10%					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	30%			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Creación e avaliación dunha liña específica de comunicación coas familias no contexto dixital	Carlos Ferreiro González (Director)	Deseño: 31/10/2023 Avaliación: 30/06/2023	Aula virtual, APP Abalar Móbil, Webex		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Formación para as familias en manexo da aplicación ABALAR MÓBIL	Responsable TIC	Fin da primeira avaliación curso 2022-23	APP ABALAR MÓBIL, páxina web do IES		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Formación para as familias en contextos de seguimento da aprendizaxe en aula virtual	Coordinador/a E-Dixgal	Fin da segunda avaliación curso 2022-23	Aula informática, recursos aula virtual IES, recursos E-Dixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS*

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

#### 4. Avaliación do plan

*Procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos:*

*- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*

*Para o obxectivo 1, levaráse a cabo a súa avaliación unha vez no primeiro trimestre e sempre que haxa incorporacións de alumnado.*

*Para o obxectivo 2, realizarase o seguimento unha vez por trimestre nos dous primeiros, e dúas no terceiro, prestando especial atención ás xestións realizadas para a publicación de recursos didácticos.*

*Para o obxectivo 3, faráse o seguimento avaliación a avaliación, atendendo ás necesidades do profesorado e valorando o seu feedback en relación coa avaliación e autoavaliación no contexto dixital.*

*Para o obxectivo 4, faráse o seguimento do mesmo unha vez por trimestre, prestando especial atención ao terceiro trimestre e ás comunicacións establecidas entre o centro e as familias, necesidades das mesmas, etc.*

*- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

*Neste senso, será fundamental o feedback que os indicadores e as persoas da comunidade implicadas nos poidan aportar. Utilizaráse esta avaliación para a actualización do plan de cara ao seguinte curso.*

#### 5. Difusión do plan

*Definición da estratexia ou protocolo para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa (posterior á súa aprobación).*

- Publicación na web do IES*
- Presentación aos novos Claustro e CE*
- Inclusión nos documentos propios de centro*
- Xeración dun buzón virtaul de valoracións, suxerencias e melloras*